

Paremos o decretazo contra o galego

O STEG convoca folga para defender os dereitos do alumnado



21 de xaneiro

FOLGA XERAL NO ENSINO

Manifestación ás 11.30 na Alameda de
Compostela

Ti tamén podes demostrar
que este decreto non che
gusta.

O xoves 21, non
imos á clase



sindicato de traballadoras e traballadores do ensino de galiza

- Por primeira vez nos últimos 30 anos, vaise producir un retroceso na promoción do galego no ensino.

- As linguas suman non restan. Se este decreto vai adiante impediremos que boa parte do alumnado, especialmente o de contornas castelán falantes, chegue a ter un dominio axeitado do galego.

- Ninguén cuestiona hoxe en día a importancia da aprendizaxe de linguas estranxeiras, mais o modelo proposto non é a solución. Non se pode implantar o inglés a costa de que se resintan fortemente os contidos curriculares doutras materias.

- Impediría o imprescindible apoio nas materias ordinarias (matemáticas, literatura, historia, ciencias...) ao fillos e fillas das familias que non dominen linguas estranxeiras.

- Mellor formación do profesorado, cambio de metodoloxía, aulas con pouco alumnado nas clases de lingua estranxeira, profesorado nativo para aulas de conversa..., son medidas demandadas que a administración non contempla.

- Este decreto delega nas familias competencias propias da Administración educativa e esta elude as obrigas que debe asumir.

- A conflictividade nos centros vai ser inevitable o que repercutirá negativamente na calidade do ensino.

- O consenso é posible pero non partindo destas bases.